

**ACTA XUNTA DIRECTIVA
GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL "AVINZA GDR 15"
O DÍA 5 DE NOVEMBRO DE 2010**

Asisten:

PRESIDENTE

D. Francisco García Suárez

VICEPRESIDENTE 1º

D. Manuel Gallego Vila

SECRETARIO

D. Francisco Xabier Oviedo Rodríguez

VICESECRETARIA

Da. Vanessa García Rodríguez

TESOUREIRO

D José Manuel Fernández Gómez

VOGAIS

D. Daniel Vázquez Nieto en

representación de

Da. María Teresa Barge Bello

D. Francisco Javier Nogueiras Quintas

en representación de

D. José Luis Gavilanes Losada

Antonia Prol González en representación

de D. David Vila Cid

D. Juan Álvarez

Joaquín Fernández Rodríguez en

representación de D. Esther Losada

No Salón de Actos do Centro de Promoción Económica de Allariz, sito na rúa Portelo 4, cando son as 16,45 horas do día 5 de novembro de 2010, previamente convocados/as, reuníronse os Sres./as. á marxe relacionados/as, baixo a presidencia do Sr. PRESIDENTE, Francisco García Suárez, constituídos *en Xunta Directiva* a fin de celebrar unha sesión extraordinaria da Asociación AVINZA GDR 15, para tratar os asuntos que a continuación se detallan como orde do día.

ORDE DO DÍA

1. Selección, se procede, dos 4 proxectos que abaixo se citan.

- **Explotación gandeira.**
- **Transformación de produtos ecolóxicos.**
- **Tapería Centro de Interpretación da Moda.**
- **II Campaña de divulgación do programa LEADER.**

(Arquivo xunto con máis información: orzamento, expediente).

2. Acordo, se procede, da solicitude dos **Gastos de Funcionamento** correspondentes á anualidade 2011 de Avinza GDR 15.

1. Selección, se procede, dos 4 proxectos que abaixo se citan.

Intervén o presidente para expricar que esta Xunta foi convocada de urxencia pola necesidade de selección dos proxectos para que a súa tramitación continúe. Toma a palabra a xerente que aporta información de cada un dos proxectos, esta información fíxose chegar a cada un dos membros da xunta coa convocatoria.

- **Explotación gandeira.** L10-41100-15-0005. Ángel López González. Porcentaxe de axuda: 20,8%. Subvención proposta: 1.972,50€.
- Seleccionado por unanimidade.
- **Transformación de produtos ecolóxicos.** L10-41100-15-0013. Daiquí S. C. G. Porcentaxe de axuda: 43,8%. Subvención proposta: 12.904,36€.
- Seleccionado por unanimidade.
- **Tapería Centro de Interpretación da Moda.** L10-41300-15-0007. Pablo Dovalo. Porcentaxe de axuda: 25,20%. Subvención proposta: 10.515,60€.
- Seleccionado por unanimidade.
- **II Campaña de divulgación do programa LEADER.** L10-43100-15-B002. AVINZA GDR 15. Porcentaxe de axuda: 100 %. Subvención proposta: 17.775,80€.
- Seleccionado por unanimidade.

2. Acordo, se procede, da solicitude dos **Gastos de Funcionamento** correspondentes á anualidade 2011 de Avinza GDR 15.

Acórdase a solicitude dos Gastos de Funcionamento de Avinza GDR 15 para a anualidade 2011.

Sen máis temas a tratar péchase a reunión ás 16:55h.

Francisco García Suárez
Presidente



Xabier Rodríguez Oviedo
Secretario

